

SUPOSTO Nº 3

SR. XAN CABANA, está casado con Laura Dafonte. Ambos teñen 52 anos. Teñen 2 fillos: Pablo que naceu o 15-11-1987 ten minusvalía do 45% e Lois nacido o 07-04-2012.

Con eles vive a nai de Laura que percibe unha pensión de invalidez absoluta do INSS por importe de 15.000 euros. Tamén perciben unha pensión de xubilación de Francia por importe de 4.000 euros. Vendeu madeira por importe de 1.000 euros e 200 euros de retención.

Xan Cabana percibiu rendementos segundo o certificado de retencións.

Laura Dafonte é profesora de Instituto. Tivo os seguintes rendementos:

Traballo na Xunta de Galicia. 42.000 euros. Dereitos pasivos 1.000 euros., Muface 400 euros. sindicatos 120 e colexio profesional de economistas 360 euros.

Sr. Xan Cabana ten un un piso alugado para despacho de un Graduado Social en Santiago de Compostela, por importe de 1.000 euros ao mes pero o arrendatario non lle pagou os meses de outubro, novembro e decembro. Ao longo do ano tivo os seguintes gastos: 9.000 euros de intereses do préstamo hipotecario para a compra e 400 euros de amortización. O importe do seguro do edificio é de 300 euros. Pagou 600 euros de gastos de reparación do edificio onde ten o local alugado. Os gastos de comunidades ascenderon a 1.000 euros e consta no contrato que son por conta do arrendatario pero como non os paga faise cargo o Sr. Xan. No ano 2013 mercou un lavalouzas por importe de 1.000 euros e unha caldeira de calefacción por importe de 1800 euros. O piso foi mercado no ano 2006 por importe de 100.000 euros, o valor catastral é de 70.000 euros e o o valor do solo de 25.000 euros.

O Sr. Xan satisface 4.000 euros en concepto de anualidades por alimentos a un fillo do seu anterior matrimonio.

Laura vendeu un solar que tiña herdado de seu súa nai. O importe da venda foi de 40.000 euros o día 20-01-2013. O local foi valorado en 2.000 euros no Imposto sobre Sucesións e Doazóns presentado a 30 de xaneiro de 2004 aínda que a súa nai finara o 30-9-2003.

Pídese:

Cálculo do Imposto, opción de tributación máis favorable.

Cálculo das retencións de Laura Dafonte.

